

Diario dun corvo

Ola, son un corvo e chámome Ramón. Son un corvo normal e corrente como todos. Teño un pequeno niño nunha árbore no parque municipal e un pequeno burato na mesma árbore onde gardo a miña comida. Como vedes, un corvo normal e corrente. Pero claro non todo vai ser bon. Esta mesma mañá un obreiro quería cortar a miña árbore para facer un centro de recollida de paquetes de Amazonou algo así.

-Ola, sabes que esta é a miña árbore verdade?

-Felipe! Espanta a este corvo que non para de graznar.

Quería botarme. Hai que risa! Respondinlle con educación:

-Por encima do meu cadáver carallo!

-Ala, fora, fora!

Esto non vai quedar así. Vou ir o bar Manolo e o obreiro vai salir da miña árbore quera ou non.

-Bós días Manolo!

-Xa esta aquí o corvo pesado. A ver, toma un pouquiño de polbo que sobrou das tapas da mañá.

-Non fai falta Manolo, solo quero o palillo.

-Ei, a onde vas! Pero sempre come as sobras, non sei que lle pasara.

É a hora da miña vinganza. Fun rapidamente voando co palillo no pico e cheguei a obra.

-He he he! Vou poñerllo na cadeira para que cando se sente...

-Xa esta aquí o corvo das narices.

-Como te atreves?!! Ríe, ríe, pronto chorarás.

Coloqueille o palillo na silla e fuxin rapidamente a meu niño para contemplar a escena desde un punto mellor.

-Vai pasar, vai pasar!

-Mecachis na mar! O meu cú! Felipe recolle que volvemos mañá.

-Por fin! Agora vou dormir que con todo o lío xa é de noite.

Pasei unha noite esplendida, durmin de maravilla e desperteime cunhas ganas de facer algo divertido e... Sera posible! Xa volve o obreiro de Amazon!

FIN

(Continuará...)

IES Nosa señora dos ollos grandes
Mario Crecente García 1º ESO D